



# Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

## Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: [sghn@sghn.org](mailto:sghn@sghn.org)

1 / 1

Sr. Presidente

Confederación Hidrográfica do Miño-Sil

C/ Curros Enríquez, nº 4 - 2º

32003 Ourense

C/C: Sra. Directora Xeral de Conservación da Natureza (CMAOT, Xunta de Galicia)

Serafín J. González Prieto, en nome e representación da Sociedade Galega de Historia Natural (en adiante SGHN), na súa cualidade de Presidente da asociación,

### EXPÓN:

Que, alertados por un socio da presenza da planta acuática invasora *Ludwigia grandiflora* no río Barbaña ao seu paso pola cidade de Ourense, un equipo de SGHN ven de percorrer o treito urbán de dito río e de confirmar a existencia de múltiples matas de dita especie ao longo do río Barbaña entre a confluencia do seu afluente Barbañica e case a súa desembocadura no río Miño.

Que as circunstancias actuais son moi favorables para a erradicación da especie, pois non forma masas continuas, o nivel de auga é moi baixo e o acceso é moi doado, facilitando o traballo de retirada da canle e de transporte da biomasa de *Ludwigia grandiflora* para unha xestión segura da mesma.

Que, de non actuar de inmediato, existe un risco moi elevado de que a especie aumente a súa cobertura no río Barbaña e de que chegue ao río Miño, o cal faría moi difícil e custosa (senón imposible) a súa erradicación.

### SOLICITA:

Que a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil organice e leve a cabo coa máxima urxencia (días ou, como moito, semanas) unha campaña para a erradicación de *Ludwigia grandiflora* no treito urbán do río Barbaña en Ourense cidade.

En Santiago de Compostela a 27 de setembro de 2016

Serafín González Prieto

Presidente SGHN

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA

REGISTRO DO CENTRO DE ATENCIÓN AO CIDADÁN (DR. TEIXEIRO)  
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 27/09/2016 13:42:08

ENTRADA 24708 / RX 2540954

